



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2014/15 |
| Asignatura (*) | Didáctica. currículo e organización escolar | | Código | 652600001 |
| Titulación | 0 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Módulo Xenérico, Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | García Cabeza, Belen | Correo electrónico | belen.garcia.cabeza@udc.es | |
| Profesorado | | | Correo electrónico | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo.</p> <p>Didáctica, currículo e organización escolar facilita a adquisición de coñecementos epistemolóxicos da pedagogía, da didáctica e da organización escolar, así como o desenvolvemento de habilidades e destrezas dacordo cunha intervención informada e comprometida coa atención á diversidade no marco da educación secundaria.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo da escola como organización, á reflexión sobre o concepto de currículo, e á análise do proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa planificación, desenvolvemento e avaliación.</p> | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|--|
| Código | Competencias da titulación |
| A1 | Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. |
| A3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| A4 | Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. |
| A5 | Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas. |
| A9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| A16 | Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |
| A17 | Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións. |
| A18 | Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|------|--|----------------------------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | | | Competencias da titulación |
| Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos pertencentes aos comoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente. | AP3 | | CM4 |
| | AP9 | | CM6 |
| | AP16 | | |



| | | | |
|---|-----------------------------------|--|------------|
| Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas de educación secundaria. | AP1 AP3 AP9 | | CM4 |
| Comprender as diferencias entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino-aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveles de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular. | AP3 AP4 AP9 | | CM4 CM6 |
| Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade. | AP4 AP9 | | CM4 CM6 |
| Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupos, de formulación de obxectivos e de selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresivo. | AP3 AP4 AP5 AP9 | | CM4 CM6 |
| Comprender o valor científico e pedagógico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente educativa, formativa e formadora, así como afondar nas relacións entre avaliación, a investigación e a innovación. | AP3 AP4 AP9 AP17 AP18 | | CM4 CM6 |
| Profundizar no coñecemento crítico e fundamentado da estrutura e funcionamento do Sistema Educativo. | AP9 | | CM4 CM6 |
| Formalizar, sistematizar e integrar os saberes básicos da organización escolar, que permitan comprender a complexidade dos centros educativos, así como analizar e valorar críticamente a súa vida organizativa. | AP9 | | CM4 CM6 |
| Coñecer algúns dos modelos máis relevantes da organización escolar e comprender a importancia do contexto organizativo no proceso de ensino-aprendizaxe. | AP9 | | CM4 CM6 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Módulo I. A participación, xestión e avaliación nos centros de ensino secundario. | - O sistema educativo español. - A estrutura organizativa dun centro educativo. - As dimensións organizativas dun centro educativo. |
| Módulo II. Funcións e concepcións do currículo. | - Os compoñentes curriculares. - As concepcións sobre o currículo: enfoques e elementos de análise. - O oculto e o manifesto da aprendizaxe escolar. |
| Módulo III. Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo. | - A educación e o ensino. O deseño e desenvolvemento do currículo. - Do currículo prescrito ao currículo contextualizado: niveis de concreción curricular. - A planificación e o desenvolvemento do currículo. - A avaliación: tipos, obxectos e instrumentos. |
| Módulo IV. Modelos de ensino e metodoloxías didácticas. | - O concepto de didáctica. - Os modelos e métodos de ensino. - As estratexias metodolóxicas no ensino secundario. |
| Módulo V. Os materiais curriculares e as TIC como recurso didáctico. | - Tipos de materiais curriculares. - Materiais curriculares: elaboración, selección e uso. |

| Planificación | | | |
|-----------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | 16 | 17 | 33 |
| Traballos tutelados | 10 | 16 | 26 |



| | | | |
|-------------------------------|-----|----|-----|
| Análise de fontes documentais | 10 | 16 | 26 |
| Lecturas | 0 | 18 | 18 |
| Proba mixta | 2.5 | 3 | 5.5 |
| Atención personalizada | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Mediante as sesións maxistras traballaranse os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas. |
| Traballos tutelados | O alumnado, en pequeno grupo, deberá realizar a análise dun material curricular que esté actualmente en uso nun centro educativo de secundaria, bacharelato ou formación profesional. A realización do traballo de grupo iniciárase na aula e será completado mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos, ben nas sesións interactivas, ben en titorías. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios, propostos polo alumnado ou a profesora. |
| Análise de fontes documentais | As fontes documentais serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficas relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos. |
| Lecturas | Establécense unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos e documentación relacionadas coa materia que o alumnado terá que ler, discutir en pequeno grupo e grupo-aula e finalmente, de ser o caso, sintetizar de modo escrito. |
| Proba mixta | A proba mixta constituirá unha actividade final da materia de carácter computable a través da cal o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións interrelacionadas facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, dacordo co conxunto de contidos abordados ao longo da materia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais Lecturas Traballos tutelados Proba mixta | A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverán indicarase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. |

| Avaliación | | |
|---------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | Para avaliar o traballo tutelado teranse en conta os seguintes aspectos: - contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas ao longo do cuadrimestre no tratamento dos contidos e relacións entre elas; - estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. | 45 |
| Proba mixta | A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia. | 55 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



A asistencia ás sesións é imprescindible. O alumnado que non ás mesmas ou teña unha asistencia inferior ao 80% deberá realizar os traballos tutelados de modo individual. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e proba mixta) O traballo tutelado (análise de material curricular) entregarse na data que se indique. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o traballo tutelado e -de ser o caso- os escritos de síntese das lecturas indicadas. É obrigatoria a participación no proceso de asignación-selección inicial de materiais curriculares para a elaboración do traballo tutelado; esta terá lugar nas primeiras semanas de docencia da materia.

Fontes de información

| |
|-----------------------------|
| Bibliografía básica |
| Bibliografía complementaria |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías